

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17989 *Lei 11/2018, do 28 de decembro, pola que se modifica o Código de comercio, o texto refundido da Lei de sociedades de capital aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e a Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, en materia de información non financeira e diversidade.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entendenren que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A Directiva 2014/95/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, pola que se modifica a Directiva 2013/34/UE no que respecta á divulgación de información non financeira e información sobre diversidade por parte de determinadas grandes empresas e determinados grupos, ten como obxectivo identificar riscos para mellorar a sustentabilidade e aumentar a confianza dos investidores, dos consumidores e da sociedade en xeral, e para isto incrementa a divulgación de información non financeira, como poden ser os factores sociais e ambientais.

Por outro lado, a Directiva 2014/95/UE amplía o contido exixido no informe anual de goberno corporativo que deben publicar as sociedades anónimas cotizadas, co albo de mellorar a transparencia facilitando a comprensión da organización empresarial e dos negocios da empresa de que se trate. A nova obrigaçión para estas sociedades consiste na divulgación das «políticas de diversidade de competencias e puntos de vista» que apliquen ao seu órgano de administración respecto de cuestións como a idade, o sexo, a discapacidade, ou a formación e experiencia profesional. En caso de que a sociedade non aplique unha política de diversidade, non existe obrigaçión ningunha de establecela, aínda que a declaración sobre gobernanza empresarial debe explicar claramente o motivo por que non se aplica.

A divulgación de información non financeira ou relacionada coa responsabilidade social corporativa contribúe a medir, supervisar e xestionar o rendemento das empresas e o seu impacto na sociedade. Asemade, o seu anuncio resulta esencial para a xestión da transición cara a unha economía mundial sustentable que combine a rendibilidade a longo prazo coa xustiza social e a protección do ambiente [considerando (3) da Directiva 2014/95/UE]. Unha maior información non financeira por parte das empresas constitúe un factor importante á hora de garantir un enfoque máis a longo prazo, que debe ser fomentado e tido en conta. Neste contexto, a fin de mellorar a coherencia e a comparabilidade da información non financeira divulgada, algunhas empresas deben preparar un estado de información non financeira que conteña información relativa, polo menos, a cuestións ambientais e sociais, así como relativas ao persoal, ao respecto dos dereitos humanos e á loita contra a corrupción e o suborno. De acordo coa Directiva 2014/95/UE, ese estado debe incluír unha descrición das políticas de resultados e riscos vinculados a esas cuestións e debe incorporarse no informe de xestión da empresa obrigada ou, se for o caso, nun informe separado correspondente ao mesmo exercicio que inclúa o mesmo contido e cumpre os requisitos exixidos.

O mencionado estado debe incluír, no que atinxe a cuestións ambientais, información detallada sobre os efectos actuais e previsibles das actividades da empresa no ambiente e, se for o caso, a saúde e a seguranza, o uso de enerxía renovable e/ou non renovable, as emisións de gases de efecto invernadoiro, o consumo de auga e a contaminación atmosférica.

Respecto ás cuestións sociais e relativas ao persoal, a información facilitada no estado pode facer referencia ás medidas adoptadas para garantir a igualdade de xénero, a aplicación de convenios fundamentais da Organización Internacional do Traballo, as condicións de traballo, o diálogo social, o respecto do dereito dos traballadores a ser informados e consultados, o respecto dos dereitos sindicais, a saúde e seguranza no lugar de traballo e o diálogo coas comunidades locais e as medidas adoptadas para garantir a protección e o desenvolvemento desas comunidades.

En relación cos dereitos humanos, o estado de información non financeira podería incluír información sobre a prevención das violacións dos dereitos humanos e, se for o caso, sobre as medidas para mitigar, xestionar e reparar os posibles abusos cometidos.

Así mesmo, en relación coa loita contra a corrupción e o suborno, o estado de información non financeira podería incluír información sobre os instrumentos existentes para loitar contra eles.

O estado de información non financeira, de acordo coa citada directiva, debe incluír información sobre os procedementos de dilixencia debida aplicados pola empresa e, cando sexa pertinente e proporcionado, en relación coas súas cadeas de subministración e subcontratación, a fin de detectar, previr e atenuar efectos adversos existentes e potenciais. Para estes efectos, enténdese por procedementos de dilixencia debida as actuacións realizadas para identificar e avaliar os riscos, así como para a súa verificación e control, incluíndo a adopción de medidas.

As empresas obrigadas deben facilitar información adecuada sobre os aspectos respecto dos cales existen máis probabilidades de que se materialicen os principais riscos de efectos graves, xunto cos aspectos respecto dos cales eses riscos xa se materializaron. Os riscos de efectos adversos poden derivar de actividades propias da empresa ou poden estar vinculados ás súas actividades. Isto non debe entrañar cargas administrativas adicionais innecesarias para as pequenas e medianas empresas, nos termos definidos na Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas.

Ao facilitar esta información, as empresas obrigadas deben basearse en marcos nacionais, marcos da Unión Europea, e para isto poden utilizar o Sistema de xestión e auditorías ambientais (EMAS) adaptado ao noso ordenamento xurídico a través do Real decreto 239/2013, do 5 de abril, ou en marcos internacionais tales como o Pacto mundial das Nacións Unidas, os obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, o Acordo de París sobre cambio climático, os principios reitores sobre as empresas e os dereitos humanos que poñen en práctica o marco das Nacións Unidas para «protexer, respectar e remediar», as liñas directrices da Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) para Empresas Multinacionais, a norma (ISO) 26000 da Organización Internacional de Normalización, a norma (SA) 8000 da Responsabilidade Social Internacional, a Declaración tripartita de principios sobre as empresas multinacionais e a política social da Organización Internacional do Traballo, a Iniciativa mundial de presentación de informes de sustentabilidade do GRI (GRI Sustainability Reporting Standards), ou outros marcos internacionais recoñecidos.

No caso das organizacións que obtivesen o rexistro EMAS, considerarase válida e suficiente, para cumprir co número do informe dedicado á información ambiental, a información contida na declaración ambiental validada polo verificador acreditado na medida en que este certificado non soamente opere por centro de traballo e cubra a totalidade da actividade da sociedade. Non obstante, a acreditación EMAS en ningún caso pode dispensar a entidade de informar sobre a actividade ambiental no informe non financeiro, co obxectivo de que nun só documento figure toda a información non financeira requirida pola directiva. As empresas que dispoñan de estudos máis detallados de pegada de carbono, de políticas de adaptación aos impactos do cambio climático ou doutros

ámbitos ambientais poderán achegar esta información como complemento ao resto da información ambiental requirida.

II

O ámbito de aplicación dos requisitos sobre divulgación de información non financeira esténdese ás sociedades anónimas, ás de responsabilidade limitada e ás comanditarias por accións que, de forma simultánea, teñan a condición de entidades de interese público cuxo número medio de traballadores empregados durante o exercicio sexa superior a 500 e, adicionalmente, se consideren empresas grandes, nos termos definidos pola Directiva 2013/34, é dicir, cuxo importe neto da cifra de negocios, total activo e número medio de traballadores determine a súa cualificación neste senso.

As sociedades de interese público que formulen contas consolidadas tamén están incluídas no ámbito de aplicación desta norma sempre que o grupo se cualifique como grande, nos termos definidos pola Directiva 2013/34/UE, e o número medio de traballadores empregados durante o exercicio polo conxunto de sociedades que integran o grupo sexa superior a 500.

Non obstante, unha empresa dependente pertencente a un grupo estará exenta da obrigação anterior se a empresa e as súas dependentes están incluídas no informe de xestión consolidado doutra empresa. Por outro lado, e en calquera caso, as pequenas e medianas empresas quedan eximidas da obrigação de incluír unha declaración non financeira, así como de requisitos adicionais vinculados a esa obrigação.

Os auditores de contas e as sociedades de auditoría de contas unicamente deben comprobar que se facilitou o estado de información non financeira.

Neste senso, resulta necesario modificar a redacción do artigo 35 da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, sobre o informe de auditoría de contas anuais de entidades consideradas de interese público para efectos desa lei, para incluír e precisar a actuación dos auditores de contas, tanto en relación cos estados de información non financeira como en relación coa información sobre diversidade incluída no informe anual de goberno corporativo das sociedades cotizadas.

En ambos os casos, conforme o previsto na Directiva 2014/95/UE, a actuación do auditor limitarase unicamente á comprobación de que a citada información se facilitou nos informes correspondentes.

Co albo de facilitar a divulgación de información non financeira por parte das empresas, o artigo 2 da Directiva 2014/95/UE recollía o mandato á Comisión Europea de elaborar unhas directrices non vinculantes sobre a metodoloxía aplicable á presentación de información non financeira, incluíndo uns indicadores chave de resultados non financeiros de carácter xeral e sectorial, tendo en conta as mellores prácticas existentes, a evolución internacional e os resultados de iniciativas conexas na Unión Europea. En cumprimento dese mandato, mediante a Comunicación da Comisión (2017/C 215/01) foron aprobadas en maio de 2017 as directrices sobre a presentación de informes non financeiros (metodoloxía para a presentación de informes non financeiros). Neste senso, cómpre mencionar que en España se levaron a cabo iniciativas sobre indicadores fundamentais financeiros e non financeiros como os propostos na «Guía para a elaboración do informe de xestión das entidades cotizadas» da Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) ou no modelo sobre información integrada da Asociación Española de Contabilidade e Administración de Empresas (AECA), recollido no «Cadro integrado de indicadores (CII-FESG) e a súa taxonomía XBRL», referido, pola súa vez, pola citada Guía da CNMV.

A transposición da Directiva 2014/95/UE ao ordenamento español obriga a modificar determinados preceptos relativos ao informe de xestión no Código de comercio, aprobado polo Real decreto do 22 de agosto de 1885, e no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, ao informe anual de goberno corporativo neste último, e á actuación dos auditores de contas en relación con esas materias na Lei de auditoría de contas. Polas razóns apuntadas, as modificacións que se incorporan adécuanse aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia, e eficiencia que rexen o exercicio da iniciativa

lexislativa, tal e como exige o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por último, incorpóranse dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e sete disposicións derradeiras, das cales a primeira modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo; a segunda, a Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento; a terceira, a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, para efectos da redución de cargas administrativas na constitución de sociedades, igual que se modifica o artigo 62 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, no artigo segundo desta lei; e o resto de disposicións derradeiras recollen, respectivamente, o título competencial, unha declaración expresa sobre a transposición da directiva, a habilitación normativa e a correspondente previsión sobre a entrada en vigor.

Artigo primeiro. *Modificación do Código de comercio, aprobado polo Real decreto do 22 de agosto de 1885.*

O Código de comercio, aprobado polo Real decreto do 22 de agosto de 1885, queda modificado como segue:

Un. Modifícanse os números 1 e 6 do artigo 44, que quedan redactados da forma seguinte:

«1. As contas anuais consolidadas comprenderán o balance, a conta de perdas e ganancias, un estado que reflecta os cambios no patrimonio neto do exercicio, un estado de fluxos de efectivo e a memoria, consolidados. Estes documentos forman unha unidade. Ás contas anuais consolidadas uniráselles o informe de xestión consolidado que incluírá, cando proceda, o estado de información non financeira.»

«6. As contas e o informe de xestión consolidados, que incluírá, cando proceda, o estado de información non financeira consolidado, serán asinados por todos os administradores da sociedade obrigada a formulalos, que responderán da súa veracidade. Se a sinatura dalgún deles faltar, sinalarase nos documentos en que falte, con expresa mención da causa.»

Dous. Dáse nova redacción ao número 5 e engádense catro novos números 6, 7, 8 e 9 no artigo 49, que quedan redactados como segue:

«5. As sociedades que formulen contas consolidadas deberán incluír no informe de xestión consolidado o estado de información non financeira consolidado previsto neste número sempre que concorran os seguintes requisitos:

a) Que o número medio de traballadores empregados polas sociedades do grupo durante o exercicio sexa superior a 500.

b) Que ou ben teñan a consideración de entidades de interese público de conformidade coa lexislación de auditoría de contas, ou ben, durante dous exercicios consecutivos, reúnan, na data de feche de cada un deles, ao menos dúas das circunstancias seguintes:

1.º Que o total das partidas do activo consolidado sexa superior a 20.000.000 euros.

2.º Que o importe neto da cifra anual de negocios consolidada supere os 40.000.000 euros.

3.º Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio sexa superior a douscentos cincuenta.

As sociedades cesarán na obrigaición de elaborar o estado de información non financeira se deixan de reunir, durante dous exercicios consecutivos, calquera dos requisitos anteriormente establecidos.

Nos dous primeiros exercicios sociais desde a constitución dun grupo de sociedades, a sociedade dominante estará obrigada a elaborar o estado de información non financeira consolidado, incluíndo todas as súas filiais e para todos os países en que opera, cando no feche do primeiro exercicio se cumpran, ao menos, dúas das tres circunstancias mencionadas na alínea b), sempre que no feche do exercicio se cumpra, ademais, o requisito previsto na alínea a).

6. O estado de información non financeira consolidado incluírá a información necesaria para comprender a evolución, os resultados e a situación do grupo, e o impacto da súa actividade respecto, ao menos, de cuestións ambientais e sociais, ao respecto dos dereitos humanos e á loita contra a corrupción e o suborno, así como relativas ao persoal, incluídas as medidas que, se for o caso, se adoptasen para favorecer o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, a non discriminación e inclusión das persoas con discapacidade e a accesibilidade universal.

Este estado de información non financeira incluírá:

a) Unha breve descrición do modelo de negocio do grupo, que incluírá o seu contorno empresarial, a súa organización e estrutura, os mercados en que opera, os seus obxectivos e estratexias, e os principais factores e tendencias que poden afectar a súa futura evolución.

b) Unha descrición das políticas que aplica o grupo respecto das ditas cuestións, que incluírá os procedementos de dilixencia debida aplicados para a identificación, avaliación, prevención e atenuación de riscos e impactos significativos e de verificación e control, incluíndo as medidas que se adoptaron.

c) Os resultados desas políticas, incluíndo indicadores chave de resultados non financeiros pertinentes que permitan o seguimento e a avaliación dos progresos e que favorezan a comparabilidade entre sociedades e sectores, de acordo cos marcos nacionais, europeos ou internacionais de referencia utilizados para cada materia.

d) Os principais riscos relacionados con esas cuestións vinculados ás actividades do grupo, entre elas, cando sexa pertinente e proporcionado, as súas relacións comerciais, produtos ou servizos que poidan ter efectos negativos neses ámbitos, e como o grupo xestiona eses riscos, explicando os procedementos utilizados para detectalos e avalialos de acordo cos marcos nacionais, europeos ou internacionais de referencia para cada materia. Debe incluírse información sobre os impactos que se detectasen, ofrecendo unha desagregación deles, en particular sobre os principais riscos a curto, medio e longo prazo.

e) Indicadores chave de resultados non financeiros que sexan pertinentes respecto á actividade empresarial concreta, e que cumpran cos criterios de comparabilidade, materialidade, relevancia e fiabilidade. Co obxectivo de facilitar a comparación da información, tanto no tempo como entre entidades, utilizaranse especialmente estándares de indicadores chave non financeiros que poidan ser xeralmente aplicados e que cumpran coas directrices da Comisión Europea nesta materia e os estándares de Global Reporting Initiative, mencionando no informe o marco nacional, europeo ou internacional utilizado para cada materia. Os indicadores chave de resultados non financeiros deben aplicarse a cada un dos puntos do estado de información non financeira. Estes indicadores deben ser útiles, tendo en conta as circunstancias específicas e coherentes cos parámetros utilizados nos seus procedementos internos de xestión e avaliación de riscos. En calquera caso, a información presentada debe ser precisa, comparable e verificable.

O estado de información non financeira consolidado incluírá información significativa sobre as seguintes cuestións:

I. Información sobre cuestións ambientais:

Información detallada sobre os efectos actuais e previsibles das actividades da empresa no ambiente e, se for o caso, a saúde e a seguranza, os procedementos

de avaliación ou certificación ambiental; os recursos dedicados á prevención de riscos ambientais; a aplicación do principio de precaución, a cantidade de provisións e garantías para riscos ambientais.

– Contaminación: medidas para previr, reducir ou reparar as emisións de carbono que afectan gravemente o ambiente, tendo en conta calquera forma de contaminación atmosférica específica dunha actividade, incluído o ruído e a contaminación lumínica.

– Economía circular e prevención e xestión de residuos: medidas de prevención, reciclaxe, reutilización, outras formas de recuperación e eliminación de refugallos; accións para combater o desperdicio de alimentos.

– Uso sustentable dos recursos: o consumo de auga e a subministración de auga de acordo coas limitacións locais; consumo de materias primas e as medidas adoptadas para mellorar a eficiencia do seu uso; consumo, directo e indirecto, de enerxía, medidas tomadas para mellorar a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables.

– Cambio climático: os elementos importantes das emisións de gases de efecto invernadoiro xerados como resultado das actividades da empresa, incluído o uso dos bens e servizos que produce; as medidas adoptadas para adaptarse ás consecuencias do cambio climático; as metas de redución establecidas voluntariamente a medio e longo prazo para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e os medios implementados para tal fin.

– Protección da biodiversidade: medidas tomadas para preservar ou restaurar a biodiversidade; impactos causados polas actividades ou operacións en áreas protexidas.

II. Información sobre cuestións sociais e relativas ao persoal:

– Emprego: número total e distribución de empregados por sexo, idade, país e clasificación profesional; número total e distribución de modalidades de contrato de traballo, media anual de contratos indefinidos, de contratos temporais e de contratos a tempo parcial por sexo, idade e clasificación profesional, número de despedimentos por sexo, idade e clasificación profesional; as remuneracións medias e a súa evolución desagregadas por sexo, idade e clasificación profesional ou igual valor; fenda salarial, a remuneración de postos de traballo iguais ou de media da sociedade, a remuneración media dos conselleiros e directivos, incluíndo a retribución variable, axudas de custo, indemnizacións, o pagamento aos sistemas de previsión de aforro a longo prazo e calquera outra percepción desagregada por sexo, implantación de políticas de desconexión laboral, empregados con discapacidade.

– Organización do traballo: organización do tempo de traballo; número de horas de absentismo; medidas destinadas a facilitar o desfrute da conciliación e fomentar o exercicio corresponsable destes por parte de ambos os proxenitores.

– Saúde e seguranza: condicións de saúde e seguranza no traballo; accidentes de traballo, en particular a súa frecuencia e gravidade, así como as enfermidades profesionais, desagregados por sexo.

– Relacións sociais: organización do diálogo social, incluídos procedementos para informar e consultar o persoal e negociar con el; porcentaxe de empregados cubertos por convenio colectivo por país; o balance dos convenios colectivos, particularmente no campo da saúde e a seguranza no traballo.

– Formación: as políticas implementadas no campo da formación; a cantidade total de horas de formación por categorías profesionais.

– Accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

– Igualdade: medidas adoptadas para promover a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes; plans de igualdade (capítulo III da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes), medidas adoptadas para promover o emprego, protocolos contra o acoso sexual e por razón de sexo, a integración e a accesibilidade universal das persoas con

discapacidade; a política contra todo tipo de discriminación e, se for o caso, de xestión da diversidade.

III. Información sobre o respecto dos dereitos humanos: aplicación de procedementos de dilixencia debida en materia de dereitos humanos; prevención dos riscos de vulneración de dereitos humanos e, se for o caso, medidas para mitigar, xestionar e reparar posibles abusos cometidos; denuncias por casos de vulneración de dereitos humanos; promoción e cumprimento das disposicións dos convenios fundamentais da Organización Internacional do Traballo relacionadas co respecto pola liberdade de asociación e co dereito á negociación colectiva; a eliminación da discriminación no emprego e a ocupación; a eliminación do traballo forzoso ou obrigatorio; a abolición efectiva do traballo infantil.

IV. Información relativa á loita contra a corrupción e o suborno: medidas adoptadas para previr a corrupción e o suborno; medidas para loitar contra o branqueo de capitais, achegas a fundacións e entidades sen ánimo de lucro.

V. Información sobre a sociedade:

– Compromisos da empresa co desenvolvemento sustentable: o impacto da actividade da sociedade no emprego e o desenvolvemento local; o impacto da actividade da sociedade nas poboacións locais e no territorio; as relacións mantidas cos actores das comunidades locais e as modalidades do diálogo con estes; as accións de asociación ou patrocinio.

– Subcontratación e provedores: a inclusión na política de compras de cuestións sociais, de igualdade de xénero e ambientais; consideración nas relacións con provedores e subcontratistas da súa responsabilidade social e ambiental; sistemas de supervisión e auditorías e resultados delas.

– Consumidores: medidas para a saúde e a seguranza dos consumidores; sistemas de reclamación, queixas recibidas e resolución delas.

– Información fiscal: os beneficios obtidos país por país; os impostos sobre beneficios pagados e as subvencións públicas recibidas.

Calquera outra información que sexa significativa.

No caso de que o grupo de sociedades non aplique ningunha política nalgunha das cuestións previstas neste número 6, o estado de información non financeira consolidado ofrecerá unha explicación clara e motivada ao respecto.

O estado de información non financeira consolidado incluírá tamén, se for o caso, referencias e explicacións complementarias sobre os importes detallados nas contas anuais consolidadas.

Para a divulgación da información non financeira referida neste número, a sociedade obrigada a formular contas consolidadas deberá basearse en marcos normativos nacionais, da Unión Europea ou internacionais, especificando en que marcos se baseou.

A obrigaçión de incluír información non financeira prevista no número 1 deste artigo considerárase cumprida se a sociedade incorpora ao informe de xestión a información descrita neste número.

Cando unha sociedade dependente dun grupo sexa, pola súa vez, dominante dun subgrupo, estará exenta da obrigaçión establecida neste número se esa sociedade e as súas dependentes están incluídas no informe de xestión consolidado doutra sociedade no cal se cumpre coa dita obrigaçión. Se unha entidade se acolle a esta opción, deberá incluír no informe de xestión unha referencia á identidade da sociedade dominante e ao Rexistro Mercantil ou outra oficina pública onde deben quedar depositadas as súas contas xunto co informe de xestión consolidado ou, nos supostos de non quedar obrigada a depositar as súas contas en ningunha oficina pública, ou de ter optado pola elaboración dun informe separado de acordo co número seguinte, sobre onde se encontra dispoñible ou se pode acceder á información consolidada da sociedade dominante.

Será de obrigado cumprimento que o informe sobre a información non financeira deba ser presentado como punto separado da orde do día para a súa aprobación na xunta xeral de accionistas das sociedades.

O Goberno poderá establecer por vía regulamentaria, respectando os principios recollidos nesta lei, indicadores chave para cada materia do estado de información non financeira.

A información incluída no estado de información non financeira será verificada por un prestador independente de servizos de verificación.

7. Entenderase que unha sociedade cumpre coa obrigaçión de elaborar o estado de información non financeira consolidado regulado no número anterior se emite un informe separado, correspondente ao mesmo exercicio, en que se indique de maneira expresa que tal información forma parte do informe de xestión, se inclúa a información que se exige para ese estado e se someta aos mesmos criterios de aprobación, depósito e publicación que o informe de xestión. As sociedades poderán publicar no portal da responsabilidade social do Ministerio de Tráballo, Migracións e Seguridade Social a información non financeira contida no informe de xestión.

8. A información contida no informe de xestión consolidado en ningún caso xustificará a súa ausencia nas contas anuais consolidadas cando esta información deba incluírse nelas de conformidade co previsto nesta sección e nas disposicións que a desenvolven.

9. Sen prexuízo dos requisitos de divulgación aplicables ao estado de información non financeira consolidado previstos nesta lei, este informe porase ao dispor do público de forma gratuíta e será facilmente accesible no sitio web da sociedade dentro dos seis meses posteriores á data de finalización do ano financeiro e por un período de cinco anos.»

Artigo segundo. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

O texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 62, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 62. *Acreditación da realidade das achegas.*

1. Ante o notario autorizante da escritura de constitución ou de execución de aumento do capital social ou, no caso das sociedades anónimas, daquelas escrituras en que consten os sucesivos desembolsos, deberá acreditarse a realidade das achegas en diñeiro mediante certificación do depósito das correspondentes cantidades a nome da sociedade en entidade de crédito, que o notario incorporará á escritura, ou mediante a súa entrega para que aquel o constituía a nome dela.

2. Non obstante o anterior, non será necesario acreditar a realidade das achegas en diñeiro na constitución de sociedades de responsabilidade limitada se os fundadores manifestan na escritura que responderán solidariamente fronte á sociedade e fronte aos acredores sociais da realidade daquelas.

3. A vixencia da certificación será de dous meses contados desde a súa data.

4. En canto non transcorra o período de vixencia da certificación, a cancelación do depósito por parte de quen o constituíu exixirá a devolución previa da certificación á entidade de crédito emisora.»

Dous. Dáse unha nova redacción ao artigo 253, que queda redactado da forma seguinte:

«1. Os administradores da sociedade están obrigados a formular, no prazo máximo de tres meses contados a partir do feche do exercicio social, as contas

anuais, o informe de xestión, que incluírá, cando proceda, o estado de información non financeira, e a proposta de aplicación do resultado, así como, se for o caso, as contas e o informe de xestión consolidados.

2. As contas anuais e o informe de xestión, incluído, cando proceda, o estado de información non financeira, deberán ser asinados por todos os administradores. Se faltar a sinatura dalgún deles, sinalarase en cada un dos documentos en que falte, con expresa indicación da causa.»

Tres. Dáse nova redacción ao parágrafo terceiro do número 1 do artigo 262, modifícase, así mesmo, o seu número 5, e inclúese un novo número 6 no mesmo artigo 262, que quedan redactados como segue:

«Na medida necesaria para a comprensión da evolución, dos resultados ou da situación da sociedade, esta análise incluírá tanto indicadores chave financeiros como, cando proceda, de carácter non financeiro, que sexan pertinentes respecto da actividade empresarial concreta, incluída información sobre cuestións relativas ao ambiente, ao persoal e ao cumprimento de regras en materia de igualdade e non discriminación e discapacidade. Exceptúanse da obrigaçión de incluír información de carácter non financeiro as sociedades que teñen a cualificación de empresas pequenas e medianas de acordo coa Directiva 34/2013.»

«5. As sociedades de capital deberán incluír no informe de xestión un estado de información non financeira ou elaborar un informe separado co mesmo contido que o previsto para as contas consolidadas polo artigo 49, números 5, 6 e 7, do Código de comercio, aínda que referido exclusivamente á sociedade en cuestión sempre que concorran nela os seguintes requisitos:

a) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio sexa superior a 500.

b) Que, ou ben teñan a consideración de entidades de interese público de conformidade coa lexislación de auditoría de contas, ou ben, durante dous exercicios consecutivos reúnan, na data de feche de cada un deles, ao menos dúas das circunstancias seguintes:

1.º Que o total das partidas do activo sexa superior a 20.000.000 euros.

2.º Que o importe neto da cifra anual de negocios supere os 40.000.000 euros.

3.º Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio sexa superior a douscentos cincuenta.

As sociedades cesarán na obrigaçión de elaborar o estado de información non financeira se deixan de reunir, durante dous exercicios consecutivos, calquera dos requisitos anteriormente establecidos.

Nos dous primeiros exercicios sociais desde a súa constitución, a sociedade estará obrigada a elaborar o estado de información non financeira cando no feche do primeiro exercicio se cumpran, ao menos, dúas das tres circunstancias mencionadas na alínea b), sempre que no feche do exercicio se cumpra, ademais, o requisito previsto na alínea a).

Unha sociedade dependente dun grupo estará dispensada da obrigaçión establecida neste número se a dita empresa e as súas dependentes, se as tiver, están incluídas, pola súa vez, no informe de xestión consolidado doutra empresa, elaborado conforme o contido establecido neste artigo. Se unha sociedade se acolle a esta opción, deberá incluír no informe de xestión unha referencia á identidade da sociedade dominante e ao Rexistro Mercantil ou outra oficina pública onde deben quedar depositadas as súas contas xunto co informe de xestión consolidado ou, nos supostos de non quedar obrigada a depositar as súas contas en ningunha oficina pública ou de ter optado pola elaboración do informe separado, sobre onde se

encontra dispoñible ou se pode acceder á información consolidada da sociedade dominante.

6. A información contida no informe de xestión en ningún caso xustificará a súa ausencia nas contas anuais cando esta información deba incluírse nelas de conformidade co previsto neste título e nas disposicións que o desenvolven.»

Catro. Modifícase o artigo 276, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 276. *Momento e forma do pagamento do dividendo.*

1. No acordo de distribución de dividendos determinará a xunta xeral o momento e a forma do pagamento.

2. Na falta de determinación sobre eses particulares, o dividendo será pagadoiro no domicilio social a partir do día seguinte ao do acordo.

3. O prazo máximo para o aboamento completo dos dividendos será de doce meses a partir da data do acordo da xunta xeral para a súa distribución.»

Cinco. Dáse unha nova redacción ao artigo 279.1, que queda redactado da forma seguinte:

«1. Dentro do mes seguinte á aprobación das contas anuais, os administradores da sociedade presentarán, para o seu depósito no Rexistro Mercantil do domicilio social, certificación dos acordos da xunta de socios de aprobación das ditas contas, debidamente asinadas, e de aplicación do resultado, así como, se for o caso, das contas consolidadas, á cal se xuntará un exemplar de cada unha delas. Os administradores presentarán tamén o informe de xestión, que incluírá, cando proceda, o estado de información non financeira, e o informe do auditor, cando a sociedade estea obrigada á auditoría por unha disposición legal ou esta se tiver acordado a petición da minoría ou de forma voluntaria e se tiver inscrito o nomeamento de auditor no Rexistro Mercantil.»

Seis. Modifícase o artigo 348 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 348 bis. *Dereito de separación en caso de falta de distribución de dividendos.*

1. Salvo disposición contraria dos estatutos, transcorrido o quinto exercicio contado desde a inscrición no Rexistro Mercantil da sociedade, o socio que fixese constar na acta a súa protesta pola insuficiencia dos dividendos recoñecidos terá dereito de separación no caso de que a xunta xeral non acordase a distribución como dividendo de, ao menos, o vinte e cinco por cento dos beneficios obtidos durante o exercicio anterior que sexan legalmente distribuibles, sempre que se obtivesen beneficios durante os tres exercicios anteriores. No entanto, aínda cando se produza a anterior circunstancia, o dereito de separación non xurdirá se o total dos dividendos distribuídos durante os últimos cinco anos equivale, polo menos, ao vinte e cinco por cento dos beneficios legalmente distribuibles rexistrados nese período.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo do exercicio das accións de impugnación de acordos sociais e de responsabilidade que puideren corresponder.

2. Para a supresión ou modificación da causa de separación a que se refire o número anterior, será necesario o consentimento de todos os socios, salvo que se recoñeza o dereito a separarse da sociedade ao socio que non votase a favor de tal acordo.

3. O prazo para o exercicio do dereito de separación será dun mes contado desde a data en que se celebrou a xunta xeral ordinaria de socios.

4. Cando a sociedade estiver obrigada a formular contas consolidadas, deberá recoñecerse o mesmo dereito de separación ao socio da dominante, aínda que non

se dea o requisito establecido no parágrafo primeiro deste artigo, se a xunta xeral da citada sociedade non acorda a distribución como dividendo de, ao menos, o vinte e cinco por cento dos resultados positivos consolidados atribuídos á sociedade dominante do exercicio anterior, sempre que sexan legalmente distribuibles e, ademais, se obtivesen resultados positivos consolidados atribuídos á sociedade dominante durante os tres exercicios anteriores.

5. O disposto neste artigo non será de aplicación nos seguintes supostos:

a) Cando se trate de sociedades cotizadas ou sociedades cuxas accións estean admitidas a negociación nun sistema multilateral de negociación.

b) Cando a sociedade se encontre en concurso.

c) Cando, ao abeiro da lexislación concursal, a sociedade puxese en coñecemento do xulgado competente para a declaración do seu concurso a iniciación de negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, ou cando se comunicase ao dito xulgado a apertura de negociacións para alcanzar un acordo extraxudicial de pagamentos.

d) Cando a sociedade teña alcanzado un acordo de refinanciamento que satisfaga as condicións de irrevocabilidade fixadas na lexislación concursal.

e) Cando se trate de sociedades anónimas deportivas.»

Sete. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 514, que queda redactado como segue:

«En particular, deberán dar cobertura aos requisitos de accesibilidade das persoas con discapacidade e persoas maiores que garantan o seu dereito a dispor de información previa e os apoios necesarios para exercer o seu voto.»

Oito. Modifícase o número 2 do artigo 529 bis, que queda redactado como segue:

«2. O consello de administración deberá velar por que os procedementos de selección dos seus membros favorezan a diversidade respecto de cuestións como a idade, o xénero, a discapacidade ou a formación e experiencia profesionais e non padezan nesgos implícitos que poidan implicar discriminación ningunha e, en particular, que faciliten a selección de conselleiras nun número que permita alcanzar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.»

Nove. Engádesse unha nova letra j) no artigo 529 ter, coa seguinte redacción:

«j) A supervisión do proceso de elaboración e presentación da información financeira e do informe de xestión, que incluírá, cando proceda, a información non financeira preceptiva, e presentar recomendacións ou propostas ao órgano de administración, dirixidas a salvagardar a súa integridade.»

Dez. Modifícase a redacción do ordinal 6.º do artigo 540.4.c), que queda redactado como segue:

«Unha descrición da política de diversidade aplicada en relación co consello de administración, de dirección e das comisións especializadas que se constitúan no seu seo, polo que respecta a cuestións como a idade, o xénero, a discapacidade ou a formación e experiencia profesional dos seus membros, incluíndo os seus obxectivos, as medidas adoptadas, a forma en que se aplicaron, en particular, os procedementos para procurar incluír no consello de administración un número de mulleres que permita alcanzar unha presenza equilibrada de mulleres e homes e os resultados no período de presentación de informes, así como as medidas que, se for o caso, acordase respecto destas cuestións a comisión de nomeamentos.

Así mesmo, as sociedades deberán informar se se facilitou información aos accionistas sobre os criterios e os obxectivos de diversidade con ocasión da elección ou renovación dos membros do consello de administración, de dirección e das comisións especializadas constituídas no seu seo.

En caso de non se aplicar unha política deste tipo, deberase ofrecer unha explicación clara e motivada ao respecto.

As entidades pequenas e medianas, de acordo coa definición contida na lexislación de auditoría de contas, unicamente estarán obrigadas a proporcionar información sobre as medidas que, se for o caso, se adoptasen en materia de xénero.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas.*

O artigo 35 da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 35. *Informe de auditoría de contas anuais.*

1. O informe de auditoría das contas anuais dunha entidade de interese público elaborárase e presentárase de acordo co establecido nesta lei e no artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 537/2014, do 16 de abril.

2. Non obstante, o disposto no artigo 5.1.f) sobre o informe de xestión non será de aplicación nos seguintes supostos:

a) No caso de auditorías de contas consolidadas de sociedades a que se refire o artigo 49.5 do Código de comercio e de contas anuais individuais de sociedades referidas no artigo 262.5 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, en relación co estado de información non financeira mencionado nos citados artigos ou, se for o caso, co informe separado correspondente ao mesmo exercicio a que se faga referencia no informe de xestión, que inclúa a información que se exige para o dito estado no artigo 49.6 do Código de comercio, conforme o previsto no número 7 do mesmo artigo.

En ambos os supostos, o auditor deberá comprobar unicamente que o citado estado de información non financeira se encuentre incluído no informe de xestión ou, se for o caso, se incorporase neste a referencia correspondente ao informe separado na forma prevista nos artigos mencionados no parágrafo anterior. No caso de que non sexa así, indicárase no informe de auditoría.

b) No caso de auditorías de contas de entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais de valores, en relación coa información contida no artigo 540.4. alínea a), 3.º, alínea c), 2.º e 4.º a 6.º, e alíneas d), e), f) e g) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Neste suposto, o auditor deberá comprobar unicamente que esta información se facilitou no informe anual de goberno corporativo incorporado ao informe de xestión. No caso de que non sexa así, indicárase no informe de auditoría.»

Disposición adicional primeira. *Informe do Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas.*

Anualmente, o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas establecerá un informe sobre a calidade da relevancia, neutralidade, materialidade, integridade, contexto de sustentabilidade, precisión, claridade, comparabilidade e fiabilidade da información emitida nos estados de información non financeira. Este informe será presentado con carácter anual no Senado.

Disposición adicional segunda. *Consulta non vinculante ao CERSE nos proxectos lexislativos que teñan relación coa responsabilidade social das empresas.*

En calquera proxecto lexislativo relacionado coa responsabilidade social das empresas, o Goberno deberá contar co informe non vinculante do Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas.

Disposición transitoria. *Aplicación.*

1. As modificacións introducidas por esta lei mediante os artigos primeiro, segundo e terceiro serán de aplicación para os exercicios económicos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Por excepción, as modificacións introducidas por esta lei mediante o artigo segundo número seis no artigo 348 bis do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, serán de aplicación ás xuntas xerais que se celebren a partir do mesmo día da súa entrada en vigor.

2. Os dous exercicios consecutivos computables, para efectos do disposto nos artigos 49.5 b) do Código de comercio e 262.5.b) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, serán o que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2018 e o inmediato anterior.

3. Transcorridos tres anos da entrada en vigor desta lei, a obrigaçión de presentar o estado de información non financeira consolidado previsto nos números 49.5 b) do Código de comercio e 262.5.b) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, será de aplicación a todas aquelas sociedades con máis de 250 traballadores que ou ben teñan a consideración de entidades de interese público de conformidade coa lexislación de auditoría de contas, exceptuando as entidades que teñen a cualificación de empresas pequenas e medianas de acordo coa Directiva 34/2013, ou ben, durante dous exercicios consecutivos reúnan, na data de feche de cada un deles, ao menos unha das circunstancias seguintes:

- 1.º Que o total das partidas do activo sexa superior a 20.000.000 euros.
- 2.º Que o importe neto da cifra anual de negocios supere os 40.000.000 euros.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

A Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, queda modificada como segue:

Primeiro. Modifícase a alínea a) do número 3 do artigo 17 e engádese un novo parágrafo, a seguir da alínea e), ao citado artigo, que quedan redactados como segue:

«a) identificación da IIC e da autoridade competente para a súa autorización e supervisión.»

«Adicionalmente, entre os datos fundamentais para o investidor, figurará unha declaración que indique a páxina web en que se poden consultar os detalles da política remunerativa actualizada, e na cal se poida obter gratuitamente un exemplar en papel desta información, precedendo petición. Os detalles da política remunerativa antes mencionados incluírán, como mínimo, unha descrición da forma en que se calculan a remuneración e os beneficios, a identidade das persoas responsables de facelo e, se for o caso, a composición do comité de remuneracións.»

Segundo. Modifícanse os números 1, 1 bis e 2 do artigo 18, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Con anticipación suficiente á subscripción das participacións ou accións deberá entregarse gratuitamente o último informe semestral, exceptuando o caso de renovacións de fondos con obxectivo concreto de rendibilidade a vencemento garantido ou non, e o documento cos datos fundamentais para o investidor aos

subscritores e, precedendo solicitude, o folleto e os últimos informes anual e trimestral publicados.

O folleto e o documento cos datos fundamentais para o investidor poderán facilitarse nun soporte duradeiro ou a través da páxina web da sociedade de investimento ou da sociedade de xestión. Precedendo solicitude, entregarase gratuitamente aos investidores un exemplar en papel deses documentos.

Para efectos do sinalado no anterior parágrafo, considérase soporte duradeiro todo instrumento que permita ao investidor almacenar a información dirixida a el persoalmente, de modo que ese investidor poida acceder a ela posteriormente para consulta durante un período de tempo adecuado para os fins a que a información estea destinada e que permita a reprodución sen cambios.

Na páxina web da sociedade de investimento ou da sociedade de xestión publicarase unha versión actualizada dos documentos previstos neste número.

1 bis. As IIC proporcionarán o documento cos datos fundamentais para o investidor aos intermediarios que vendan ou asesoren os investidores sobre posibles investimentos nesas IIC ou en produtos que carreten risco fronte a esas IIC, cando aqueles o soliciten. En todo caso, os intermediarios cumprirán coa obrigaón sinalada no primeiro parágrafo do número 1 anterior.

2. Os informes anual, semestral e trimestral poranse ao dispor do público nos lugares que se indiquen no folleto e o documento cos datos fundamentais para o investidor, que incluírán en todo caso o enderezo da páxina web. Así mesmo, salvo renuncia expresa do partícipe ou accionista, os informes anual e semestral deberán serlle remitidos por medios telemáticos, salvo que non facilite os datos necesarios para isto ou manifieste por escrito a súa preferencia por recibilos fisicamente e, en tal caso, remitiráselle versións en papel, sempre de modo gratuito. O informe trimestral deberá ser remitido tamén aos partícipes ou accionistas, de acordo coas mesmas regras, no caso de que o soliciten.»

Terceiro. Modifícase o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 28, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Para iniciar o traspaso o partícipe ou accionista deberá dirixirse, segundo proceda, á sociedade xestora, comercializadora ou de investimento, de destino (en diante, a sociedade de destino), á cal ordenará por escrito a realización das xestións necesarias. En todo caso, recibida a solicitude de traspaso, a sociedade de destino deberá comunicar á sociedade xestora, comercializadora ou de investimento de orixe (en diante, sociedade de orixe), no prazo máximo dun día hábil desde que estea no seu poder, a solicitude debidamente cuberta con indicación, ao menos, da denominación da IIC de destino e, se for o caso, do compartimento, os datos identificativos da conta da IIC á cal debe realizarse o traspaso, do seu depositario, se for o caso, da súa sociedade xestora, e da IIC de orixe e, se for o caso, do compartimento.»

Cuarto. Modifícase o número 3 do artigo 40, que queda redactado como segue:

«3. As sociedades xestoras poderán comercializar accións ou participacións de IIC. Esta actividade adicional poderá ser realizada directamente ou mediante axentes ou apoderados nas condicións que regulamentariamente se determinen, así como mediante entidades autorizadas para a prestación de servizos de investimento.

As participacións en fondos de investimento comercializadas mediante entidades autorizadas para a prestación de servizos de investimento ou a través doutras sociedades xestoras, domiciliadas ou establecidas en territorio español, poderán figurar no rexistro de partícipes da sociedade xestora do fondo obxecto de comercialización a nome do comercializador por conta de partícipes.

Na actividade de comercialización poderá intervir unha entidade mediadora entre a sociedade xestora e a entidade comercializadora, entre cuxas funcións se

inclúa a custodia de participacións a nome da entidade comercializadora e a canalización da operativa de subscrición e reembolso de participacións de fondos de investimento. Neste caso, as participacións figurarán no rexistro da sociedade xestora a nome da entidade mediadora. O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo de que a entidade mediadora poida actuar tamén como comercializadora nos termos previstos no segundo parágrafo deste número 3.

Pola súa vez, cando no rexistro da sociedade xestora do fondo, ou no da entidade mediadora, figuren rexistradas participacións a nome dun comercializador por conta de partícipes, o comercializador levará o rexistro identificativo dos partícipes titulares das participacións, o cal deberá conter en todo momento, de forma individualizada para cada un destes, o saldo e valor das súas participacións, desagregadas por cada operación realizada con todos os seus datos, tanto os financeiros como os fiscais que procedan, para efectos do cumprimento das obrigacións tributarias que correspondan ao comercializador.

Unha entidade comercializadora non poderá simultanear para un partícipe nun fondo de investimento, respecto dunha mesma clase de participacións, a súa inclusión no rexistro de partícipes da entidade comercializadora coa súa inclusión no rexistro de partícipes da sociedade xestora do fondo, de forma que todo o seu investimento no fondo canalizado a través do mesmo comercializador deberá figurar a nome do partícipe nun único rexistro. Cando unha sociedade xestora acorde cun comercializador para un fondo de investimento o sistema de rexistro a que se refiren os parágrafos anteriores, o dito sistema tamén se poderá aplicar aos investimentos que correspondan a partícipes que, no momento de facerse efectivo o mencionado acordo, figuren inscritos no rexistro da sociedade xestora do fondo como titulares de participacións intermediadas polo citado comercializador.

Nos contratos que se celebren entre a sociedade xestora e a comercializadora, ou entre a entidade mediadora a que se refire o parágrafo terceiro anterior e a comercializadora, deberá establecerse a obrigación desta última de remitir ou pór á disposición dos partícipes canalizados a través dela os documentos informativos que, conforme o establecido na normativa reguladora das institucións de investimento colectivo, teñan dereito a recibir, para o que a sociedade xestora deberá facilitar á entidade comercializadora, directamente ou a través da mencionada entidade mediadora, a información que resulte pertinente conforme a normativa aplicable en cada momento. Así mesmo, nestes contratos deberá establecerse a obrigación da entidade comercializadora de remitir á sociedade xestora, directamente ou a través da mencionada entidade mediadora, toda aquela información estatística de carácter agregado relativa a partícipes que, conforme a normativa vixente, deba remitir esa sociedade xestora á Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que a sociedade xestora non dispoña desa información.

Cando, de acordo co disposto nos parágrafos anteriores, as participacións figuren no rexistro da sociedade xestora a nome do comercializador por conta de partícipes, para efectos da información e salvagarda dos activos dos investidores, aplicarase a normativa en materia de mercado de valores. En particular, será de aplicación o previsto no artigo 42.2 do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro. O disposto neste parágrafo resultará de aplicación, se for o caso, á entidade mediadora a que se refire o parágrafo terceiro. As subscricións ou adquisicións de participacións ou accións deberán efectuarse obrigatoriamente mediante cheque nominativo librado a favor da IIC, transferencia bancaria a favor dela ou mediante entrega en efectivo directamente pola persoa interesada ao depositario, para o seu posterior aboamento na conta do fondo ou da sociedade.

Regulamentariamente poderanse desenvolver outros aspectos relativos ao procedemento de comercialización previsto neste número, entre eles, o réxime de comisións.»

Quinto. Engádesse un novo artigo 48 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 48 bis. *Notificación de infraccións.*

1. As sociedades xestoras deberán dispor de procedementos adecuados para que os seus empregados poidan notificar a nivel interno, a través dunha canle independente, específica e autónoma, as infraccións cometidas.

2. Estes procedementos deberán garantir a confidencialidade tanto da persoa que informa das infraccións como das persoas físicas presuntamente responsables da infracción.

Así mesmo, deberá garantirse que os empregados que informen das infraccións cometidas na entidade sexan protexidos fronte a represalias, discriminacións ou calquera outro tipo de trato inxusto.»

Sexto. Engádesse un parágrafo terceiro ao número 1 do artigo 71 ter (o actual parágrafo terceiro pasa a ser o parágrafo cuarto), coa seguinte redacción:

«A Comisión Nacional do Mercado de Valores tamén cooperará, se for o caso, coas autoridades competentes doutros Estados membros para facilitar o cobramento das sancións pecuniarias.»

Sétimo. Engádense dous novos parágrafos ao número 3 do artigo 71 ter, coa seguinte redacción:

«A Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará estreitamente coas demais autoridades competentes da Unión Europea para garantir que as facultades de supervisión e inspección se exercen e as sancións administrativas se impoñen con eficacia.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores coordinará a súa actuación coas demais autoridades competentes da Unión Europea para evitar posibles repeticións e duplicidades cando exerzan as facultades de supervisión e inspección e apliquen medidas e sancións administrativas en casos transfronteirizos.»

Oitavo. Modifícase a alínea a) e engádesse unha alínea d) ao número 6 do artigo 71 ter, coa seguinte redacción:

«a) a dita investigación, verificación *in situ* ou intercambio de información poida atentar contra a soberanía, a seguranza ou a orde pública e, en particular, a loita contra o terrorismo e outros delitos graves;»

«d) poida prexudicar as investigacións propias da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou as súas actividades de vixilancia do cumprimento da normativa ou unha investigación penal en curso.»

Noveno. Modifícase a alínea z sexies) do artigo 80, que queda redactada como segue:

«z sexies) O incumprimento das obrigacións recollidas nos artigos 15 a 15 quinquies por parte de IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, e das obrigacións recollidas no artigo 16 por parte de IIC autorizadas en España, sempre que carreten un prexuízo grave para os investidores ou accionistas.»

Décimo. Modifícase a alínea z quáter) do artigo 81, que queda redactada como segue:

«z quáter) O incumprimento por parte das IIC autorizadas noutro Estado membro das obrigacións que deriven dos artigos 15 a 15 quinquies, e das

obligacións recollidas no artigo 16 por parte de IIC autorizadas en España, cando non deba cualificarse como falta moi grave.»

Décimo primeiro. Modifícanse o parágrafo introdutorio e a alínea a) do número 1 do artigo 85 e modifícanse o parágrafo introdutorio e a alínea a) e engádese unha alínea d) ao número 2 do artigo 85, que quedan redactadas como segue:

«1. Pola comisión de infraccións moi graves imporase á entidade infractora unha ou máis das seguintes sancións:

a) Multa, que poderá ser, a xuízo do órgano competente para resolver:

i) De entre o dobre e o quíntuplo do beneficio bruto obtido ou das perdas evitadas como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción, cando resulten cuantificables;

ii) De entre o 10 por cento e o 20 por cento do volume de negocios total anual da persoa xurídica segundo as contas máis recentes dispoñibles aprobadas polo órgano de administración; se a entidade infractora é unha matriz ou filial da empresa matriz que elabora estados financeiros consolidados, o volume de negocios total anual aplicable será o que figure nos últimos estados financeiros consolidados dispoñibles; ou

iii) A tanto global, de entre 5.000.000 e 6.000.000 de euros.»

«2. Ademais da sanción que corresponde á sociedade xestora pola comisión de infraccións moi graves, poderá imporse unha das seguintes sancións aos que, exercendo cargos de administración ou dirección nela, sexan responsables da infracción conforme o artigo 91:

a) Multa a cada un deles por importe superior a 5.000.000 euros e inferior a 6.000.000 euros.»

«d) Inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección na mesma ou en calquera outra entidade financeira da mesma natureza.»

Décimo segundo. Modifícase a alínea b) do número 1 do artigo 86, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) Multa por importe de até o tanto do beneficio bruto obtido ou das perdas evitadas como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción. Naqueles casos en que o beneficio derivado da infracción cometida ou as perdas evitadas non resulten cuantificables, multa por importe superior a 300.000 euros e inferior a 5.000.000 euros.»

Décimo terceiro. Suprímese o número 2, e o número 3 pasa a ser o número 2, que modifica a alínea b) do artigo 86.

«b) Multa a cada un deles por importe superior a 300.000 euros e inferior a 5.000.000 euros.»

Décimo cuarto. Engádese un número, que pasa a ser o novo número 3, ao artigo 86, coa seguinte redacción:

«3. No caso de imposición da sanción prevista nas alíneas a), c) e d) do número 1 e nas alíneas a) e c) do número 2, poderá imporse simultaneamente a sanción prevista na alínea b).»

Décimo quinto. Modifícase o artigo 87, que queda redactado do seguinte modo:

«Pola comisión de infraccións leves imporase á entidade infractora multa por importe superior a 5.000 euros e inferior a 300.000 euros.»

Décimo sexto. Modifícase o parágrafo introdutorio e a alínea c) do número 1 do artigo 88, e introdúcense nel dúas novas alíneas k) e l), coa seguinte redacción:

«1. As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións moi graves, graves ou leves serán determinadas tendo en conta os criterios recollidos no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e os seguintes:»

«c) As ganancias obtidas ou, se for o caso, as perdas evitadas ou, se for o caso, as perdas causadas a terceiros como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción, na medida en que poidan determinarse.»

«k) A solidez financeira da persoa física ou xurídica responsable da infracción reflectida, entre outros elementos obxectivables, no volume de negocios total da persoa xurídica responsable ou nos ingresos anuais da persoa física.

l) As medidas adoptadas após a infracción pola persoa responsable da infracción co fin de evitar que se repita.»

Décimo sétimo. Engádese un novo artigo 91 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 91 bis. *Información á Autoridade Europea de Valores e Mercados.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores facilitará cada ano á Autoridade Europea de Valores e Mercados información agregada relativa ás infraccións cometidas por incumprimento das obrigacións desta lei, así como ás sancións impostas.

2. No caso de que se divulgase publicamente unha medida administrativa ou unha sanción, a Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará simultaneamente ese feito á Autoridade Europea de Valores e Mercados.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará a Autoridade Europea de Valores e Mercados sobre todas as sancións administrativas impostas pero non publicadas conforme o artigo 94.bis, incluídos os recursos interpostos en relación con elas e o resultado destes.»

Décimo oitavo. Modifícase o artigo 94, que queda redactado como segue:

«Artigo 94. *Executividade das sancións.*

1. As resolucións que impoñan sancións conforme esta lei serán executivas cando poñan fin á vía administrativa. Nelas adoptaranse, se for o caso, as medidas cautelares precisas para garantir a súa eficacia en canto non sexan executivas. As resolucións da Comisión Nacional do Mercado de Valores que poñan fin ao procedemento serán impugnables ante o ministro de Economía e Empresa, de acordo co capítulo II do título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O ministro de Economía e Empresa, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá condonar, total ou parcialmente, ou aprazar o pagamento das multas impostas a persoas xurídicas cando pasasen a estar controladas por outros accionistas despois de se cometer a infracción, estean incursas nun procedemento concursal ou se dean outras circunstancias excepcionais que fagan que o cumprimento da sanción nos seus propios termos atente contra a equidade ou prexudique os intereses xerais. O anterior non alcanzará en ningún caso as sancións impostas aos que ocupaban cargos de administración ou dirección nas ditas persoas xurídicas cando se cometeu a infracción.

En ningún caso procederá a condonación ou aprazamento se, no suposto de transmisión de accións da entidade sancionada, tiver mediado prezo ou, superada a situación concursal, puider afrontarse a situación.»

Décimo noveno. Engádesse un novo artigo 94 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 94 bis. *Publicidade das sancións.*

1. As sancións por infraccións moi graves e graves publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» cando sexan firmes en vía administrativa.

2. As sancións impostas nos últimos cinco anos pola comisión de infraccións graves e moi graves faranse constar no correspondente rexistro administrativo a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que será accesible a través da súa páxina web. A publicación incluirá, como mínimo, información sobre o tipo e a natureza da infracción, a identidade da persoa física ou xurídica sobre a cal recaía a sanción e información sobre a posibilidade de impugnar a sanción conforme a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a información, se for o caso, relativa ao resultado dos recursos que se interpuxesen.

3. Non obstante o previsto no número 2, se a Comisión Nacional do Mercado de Valores considera que a publicación da identidade das persoas xurídicas ou dos datos persoais das persoas físicas, atendendo ás circunstancias do caso, é desproporcionada ou pon en perigo a estabilidade dos mercados financeiros ou unha investigación en curso, poderá, sempre que a estabilidade dos mercados financeiros non corra perigo e non sexa máis proporcionado medidas de menor importancia:

a) Demorar a publicación da sanción imposta até o momento en que cesen os motivos que xustifiquen o atraso da publicación.

b) Publicar de maneira anónima a sanción imposta se esa publicación anónima garante unha protección efectiva dos datos de carácter persoal en cuestión. Neste caso, a publicación dos datos pertinentes poderá apazarse por un período razoable de tempo se se prevé que no transcurso dese período deixarán de existir as razóns que xustifiquen unha publicación con protección do anonimato.

c) Non publicar a sanción imposta se se considera que as opcións anteriores non son suficientes para garantir que a estabilidade dos mercados financeiros non corra perigo ou a proporcionalidade da publicación fronte ás que se consideran de menor importancia.»

Vixésimo. O número 4 da disposición adicional quinta queda redactado da seguinte forma:

«4. A información sinalada no número 1 desta disposición deberá ser fornecida pola correspondente entidade xestora ou comercializadora aos novos partícipes que vaian quedar incluídos nos seus rexistros, con carácter previo á primeira subscripción que realicen en calquera fondo de investimento xestionado ou comercializado pola dita entidade, así como aos partícipes cuxos investimentos vaian quedar rexistrados no comercializador por aplicación do previsto no último inciso do parágrafo quinto do artigo 40.3 desta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento.*

O número 3 do artigo 24 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, modifícase nos termos seguintes:

«3. Os beneficiarios das operacións de pagamento non poderán exixir ao ordenante o pagamento de gastos ou cotas adicionais pola utilización de calquera instrumento de pagamento.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.*

Modifícase o artigo 16 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 16. *Constitución de sociedades de responsabilidade limitada sen estatutos tipo.*

Cando os fundadores opten pola constitución dunha sociedade de responsabilidade limitada sen estatutos tipo, aplicarase o disposto no artigo 15 desta lei, coas seguintes particularidades:

1. Os fundadores poderán optar por solicitar, a través dos puntos de atención ao emprendedor, a reserva de denominación e concertar a data de outorgamento da escritura de constitución.

2. O notario procederá conforme o previsto no número 4 do artigo 15.

3. O rexistrador mercantil, unha vez recibida copia electrónica da escritura de constitución, inscribirá a sociedade inicialmente no Rexistro Mercantil no prazo de 6 horas hábiles, indicando exclusivamente os datos relativos á denominación, domicilio e obxecto social, ademais do capital social e do órgano de administración seleccionado.

Desde esta inmatriculación, a sociedade rexerese polo disposto na Lei de sociedades de capital.

4. A escritura de constitución inscribírase de forma definitiva nos termos do seu outorgamento dentro do prazo de cualificación ordinario, entendendo que esta segunda inscrición vale como modificación de estatutos. Se a inscrición definitiva se practica estando vixente o asento de presentación, os efectos retrotraeranse a esta data.

5. Practicada a inscrición definitiva, o rexistrador mercantil notificará telematicamente á autoridade tributaria competente a inscrición da sociedade, solicitando o número de identificación fiscal definitivo.

6. Para acreditar a correcta inscrición, inicial ou definitiva, no rexistro das sociedades, así como a inscrición do nomeamento dos administradores designados na escritura, bastará a certificación electrónica ou en soporte papel que, por solicitude do interesado, expida, sen custo adicional, o rexistrador mercantil o mesmo día da inscrición inicial ou definitiva.

7. Cando os fundadores optasen pola constitución dunha sociedade de responsabilidade limitada sen estatutos tipo, a tramitación da constitución poderase realizar utilizando o documento único electrónico e o sistema de tramitación telemática do CIRCE, e será de aplicación o disposto neste artigo independentemente da modalidade de tramitación escollida.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.º da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/95/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, pola que se modifica a Directiva 2013/34/UE no que respecta á divulgación de información non financeira e información sobre diversidade por parte de determinadas grandes empresas e determinados grupos.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno para que dite as normas necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta lei.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor e aplicación.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN